

BASES 1ª edición Premio Cegasal de Xornalismo

A Asociación empresarial galega de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, (CEGASAL), en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, (CPXG), convocan o primeiro premio CEGASAL de xornalismo, cun triple obxectivo: dar visibilidade ás persoas con discapacidade, mostrar as dificultades que atopan para optar ao mercado laboral e dar a coñecer o traballo que realizan neste terreo os centros especiais de emprego.

Bases:

1ª) Pode participar neste concurso calquera profesional que publique ou difunda información sobre economía social en prensa, radio, televisión, revistas ou publicacións dixitais.


Cada xornalista concursante pode enviar un ou máis traballos.

2ª) As persoas interesadas deberán enviar copia dos traballos, (informacións escaneadas, arquivos de audio ou audiovisuais), á dirección de correo electrónico de CEGASAL, (cegasalcomunicación@gmail.com), antes de que finalice o 30 de marzo de 2017.

Tamén poderán enviarse os traballos concursantes por correo certificado, respectando os prazos anteriormente fixados, á sede do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, (San Pedro de Mezonzo - 36, 1º .15701 Santiago de Compostela)

Cada concursante debe acompañar o seu traballo dun breve currículo, así como os datos necesarios para contactar: nome e apelidos, domicilio, número de teléfono e dirección de correo electrónico.

Cada participante garante a autoría do traballo presentado, eximindo a CEGASAL e ao CPXG de calquera reclamación respecto diso. O xurado podería solicitar certificación da emisión ou publicación do traballo gañador.



3ª) Os traballos concursantes serán cualificados por un xurado composto por tres membros elixidos por CEGASAL e o CPXG entre profesionais do xornalismo, así como dous representantes das dúas entidades organizadoras. A súa identidade publicárase xunto co fallo do concurso.

4ª) O xurado concederá un único premio de 1.000 euros. O gañador ou gañadora será dado a coñecer nas webs de CEGASAL e do CPXG na primeira quincena de abril de 2017.

As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar deserto o premio se os traballos presentados non tivesen a calidade necesaria.

O premio está suxeito ás retencións fiscais contempladas na lexislación vixente.

5ª) O gañador ou gañadora do concurso autoriza expresamente que o seu nome e apelidos sexan publicados nas webs das entidades organizadoras, así como nos seus medios de comunicación físicos ou dixitais, coa finalidade de promocionar o premio e referenciar o traballo gañador.

6ª) A participación neste concurso supón a plena aceptación do contido destas bases.